

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E TRES DE XUÑO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
Escusa asistencia D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as dezanove horas e cinco minutos do día vinte e tres de xuño de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día nove de xuño do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 106/09 de don Agustín Barros Carpinteiro**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada en Fufín, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 50% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente máximo de 0,40 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Álvaro Vidal Gracia cun orzamento de 133.356,16 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes con-



dicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; de acordo co establecido no artigo 3 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde; asimismo deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras ; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil seiscentos sesenta e sete euros con doce céntimos (#2.667,12#)

## 2.2.- Instancia num. 1.027/09 da Asociación de Veciños San Miguel

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel González Torre, en representación da Asociación de Veciños San Miguel de San Miguel de Sarandón, solicita licenza para o arranxo e pintado de panteóns do cemiterio parroquial , emprazado en solo rústico de protección de interese patrimonial artístico ou histórico (R-8) segundo o PXOM., e a exención das taxas e impostos municipais correspondentes.

Dáse conta asimismo da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autorizan as obras sempre que se empregue pintura ó silicato ou á cal en cor branca.

A Xunta de Goberno acorda:


1º.- A vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma e axustaranse ás condicións impostas pola D.X. De Patrimonio Cultural.

2º.- Concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social

## 2.3.- Instancia num. 1.002/09 de don Fernando Neira Maceira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dun peche da parcela con base de bloques, postes e arame na fronte da parcela e con postes e arame no resto de aproximadamente 150 mts de lonxitude, no lugar de Bazar, en solo rústico de especial protección protección agrícola 8R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os



lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con oitenta e catro céntimos (#76,84#)

#### 2.4.- Instancia num. 669/09 de don Orlando Giadanes Arca

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun alpendre, no lugar de Socastro, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 10% da parcela neta para as edificacións auxiliares; num. Plantas B; Altura máxima de cornixa menor a 4,30 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico don Enrique Eijo Blanco cun orzamento de 12.372,22 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizarna fachada harmonizaá co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona. Asimesmo deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente


2º.- Aceptar a cesión dos terreos destinados a viais, en función do establecido no artigo 24 e demais de aplicación da lei 9/2002, segundo figura no plano que se incluíu no proxecto presentado, que ascende a 281,86 m2

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos sete euros con corenta e catro céntimos (#307,44#)

#### 2.5.- Escrito num. 2330/09 de dona Xosefina R. Guitián Lema

Dáse conta da mencionada solicitude na que a interesada con domicilio no lugar de Silva de Arriba (San Miguel de Sarandón), solicita licenza para construción de alboio no mencionado lugar de Silva de Arriba achegando proxecto firmado por técnico competente.

Téndose solicitado dende o concello que se completase a solicitude presentada presentando documentación adicional, consistente en plano ou documentación gráfica no que se reflecta a cesión ao concello dos terreos necesarios para a



regularización do viario, segundo dispón a Lei 9/2002, do 30 de decembro, nos seus artigos 24.2 e 171, que non foi presentada pola solicitante. Visto o escrito de alegacións presentado por Xosefina Guitián Lema que foron desestimadas por resolución da alcaldía de data 26 de febreiro de 2009 o que foi debidamente notificado, e visto o contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

A Xunta de Goberno acorda denegar , por falta de cesión ó concello dos terreos necesarios para a regulación do viario , a licenza para construción de alboio en Silva de Arriba (San Miguel de Sarandón) solicitada

## 2.6.- Instancia num. 2.390/08 de don Manuel Otero Miguez

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio situado en Marzán de Arriba, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM, segundo a memoria modificada redactada polo arquitecto don Leandro M. Del Rio Rego

Dáse conta asimesmo da autorización da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de A Coruña segundo resolución de data 27/05/2009

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: no encintado dos muros empregarase morteiro de cal e xunta fundida; non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas de cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de .douscentos doce euros con setenta e seis céntimos (#212,76#)


## 3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 2 e final da obra de Acondicionamento e ampliación do local social de San Pedro de Sarandón

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra de *Acondicionamento e ampliación da local social de San Pedro de Sarandón*, e factura num. OCV.005 por importe de dezaseis mil setecentos sesenta e nove mil euros con corenta e tres céntimos (#16.769,43), incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e adxudicada pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo do ano que andamos a Promotora Matimán, S.L, sendo o director da mesma a arquitecta dona Eva M<sup>a</sup>. Abastida.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura

4.- Ratificación, se procede, de Resolución da Alcaldía sobre adxudicación definitiva da obra de Ampliación de saneamento en Paradela



Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:

“Con data vinte e seis de maio do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Obras y Viales de Galicia o contrato da obra de *Ampliación de saneamento en Paradela (código 09.3300.0091.0), incluída no PCC 2008-2011 (anulidade 2009)* no prezo de noventa mil cincocentos dezasete euros con vinte e catro céntimos (#90.517,24#) máis IVE, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)) con data vinte e oito dese mes

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 de la Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)

**RESOLVÍN:**

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente na *Ampliación de saneamento en Paradela*

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 441-623 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a Obras y Viales de Galicia, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Cuarto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Quinto.- Formalizado o contrato o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederáse á acta de replanteo e inicio da obra

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución

#### 5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas, por xestións varias en A Coruña nos meses de maio e xuño. Importe 244,65 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo por viaxes á Casa do Concello os días 01/03/09 e 07/06/2009 con motivo das eleccións ó Parlamento de Galicia e ó Parlamento Europeo respectivamente. Importe 21,84 euros

Quilometraxe da traballadora dona M<sup>a</sup>. Cruz Vilas por recollida e traslado de cadros con motivo da exposición de pintura . Importe 58,38 euros

Quilometraxe da educadora familiar, dona Carmen A. Sabio Sanz, do mes de maio. Importe 55,40 euros



Quilometraxe e peaxes do traballador don Iván García por xestións varias dende xullo de 2008 ata maio de 2009. Importe 197,47 euros

Quilometraxe da traballadora dona Rocio Couto Rendo por xestións varias durante os meses de febreiro a abril. Importe 147,14 euros

Quilometraxe da traballadora dona Lucía Sevio Barrio por xestións varias durante os meses de xaneiro a xuño. Importe 55,62 euros

Quilometraxe da traballadora dona Sonia Carbia Cutrín por xestións varias durante os meses de febreiro a xuño. Importe 31,93 euros

Quilometraxe da traballadora dona Graciela Gestoso Vázquez por impartición cursos deportivos e xestións varias durante os meses de marzo a xuño. Importe 133,56 euros

Quilometraxe da traballadora dona Míriam Fernández Neira por xestións varias durante os meses de maio e xuño. Importe 53,55 euros

Quilometraxe do traballador don Jorge Cerdeira Louro Rendo por xestións varias durante 2008 e 2009. Importe 179,76 euros

Fondo social da funcionaria dona María Canedo de la Torre (oftamoloxía) segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 13,35 euros

Fondo social de don José I. Munín Castelao (odontoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 27,00 euros

Fondo social da funcionaria dona María Canedo (seguro médico), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social da funcionaria dona Mercedes Pereiras (seguro médico), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Asistencias á Mesa de Contratación da obra de ampliación de abastecemento en Ponte Ulla, incluída no PCC 2008-2011, anualidade 2009, dos seguintes sres/as:

D. Carlos Martínez Carrillo (vogal) .....	56,42 euros
D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo (vogal).....	56,42 euros
D. Carlos J. Sanmartín Carrera (vogal).....	56,42 euros
D. Fernando Faya Martínez (técnico).....	28,21 euros
D <sup>a</sup> . Mercedes Pereiras Caldelas (Secretaria).....	74,80 euros

Asistencia á mesa constituída o día 18 de xuño de 2009 para abrir as propostas presentadas para a contratación dunha operación de endebedamento para investimentos:

D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo (secretario).....	37,40 euros
D. Carlos J. Sanmartín Carrera (vogal).....	28,21 euros



Factura num. 13/2009 de José Fermín González Blanco por asistencia técnica no mes de maio. Importe 2.436,00 euros

Factura num. 14/2009 de José Fermín González Blanco por redacción do proxecto de reforma do cemiterio de San Xián de Sales. Importe 3.712,00 euros

Factura num. 2009/20 de don Gilberto Rodríguez Rodríguez por redacción do proxecto de Asfaltado en Outeiro - Pico Sacro e outras do PEIM 2009. Importe 3.237,53 euros

Factura num. 20557 de Restaurante Villa Verde por comida coa Presidenta da Sociedade Parroquial de Vedra en Bos Aires. Importe 159,22 euros

Factura num. 923/09 de Gráfica de Asturias, S.L por papel de oficina. Importe 34,45 euros

Factura num. SPA de MC SPA Sociedade de Prevención, S.L por servizo de prevención integral técnica e vixilancia da saúde. Importe 348,00 euros

Factura num. 56.176 de Recambios Santiagueses, S.L por ferramenta variada. Importe 291,66 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco José Souto Rial por impartición clases de baile rexional na casa de cultura de San Xián durante o mes de xuño. Importe 150,64 euros

Factura num. 500596 de Hierros Diego, S.L por materiais diversos. Importe 41,41 euros

Factura num. 901.406 de Cotelga por material hixiénico para os baños municipais. Importe 327,12 euros

Factura num. 36.082 de Frenos y Embragues Santiago, S.L por batería e arranque para patrol . Importe 590,44 euros

Factura num. 4000339303 de Correos y Telégrafos por remisión de documentación con franqueo pagado en maio. Importe 655,20 euros

Factura num. 9776 de Ropa y Calzado Profesional, S.L. (La Bata) por vestuario para o personal do servizo de limpeza en xuño. Importe 308,43 euros

Factura num. 600219 de Hierros Diego, S.L. por corrugado armado subministrado en xuño. Importe 39,96 euros

Factura num. 5000427 de Ricoh España, SLU por fotocopias realizadas nas fotocopadoras das oficinas xerais en xuño. Importe 279,00 euros

Diversos gastos por materiais para a ludoteca municipal no mes de xuño. Importe 82,25 euros



Facturas nums. 090007, 090008, 090009 y 090010 por productos farmacéuticos para ludoteca, piscina e polideportivo e luvas de látex para axuda no fogar no mes de xuño. Importe 258,73 euros

Diversos gastos para posta en marcha da piscina municipal no mes de xuño. Importe 81,70 euros

Gastos da viaxe do traballador Jorge Cerdeira Louro a Mollet del Vallés para preparar a exposición *Documentos da Diáspora Galega*. Importe 335,00 euros

Factura 01891161 de Hipercor, SA por cinta de vídeo. Importe 7,70 euros

Recibo de Mafre Familiar, S.A por seguro do banco de tempo. Importe 478,77 euros

Recibo de Mafre Familiar, S.A por seguro da liga intermunicipal de fútbol sala 2009. Importe 478,79 euros

Recibo de Editorial Compostela por suscripción ó xornal El Correo Gallego en maio. Importe 38,00 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por suscripción ó xornal no mes de maio. Importe 30,00 euros

Recibo de Canalsatélite Digital, S.L por canal + na casa da terceira idade en xuño. Importe 47,96 euros

Recibo de Siemens Renting, S.A por alugamento fotocopiadora planta baixa da casa do concello en maio. Importe 548,85 euros

Taxas por reseva do dominio público radioeléctrico. Importe 100,00 euros

Factura num. 21 de Panadería Raviña por pinchos para a clausura de actividades deportivas. Importe 62,00 euros

Factura num. 20 de Panadería Raviña por pinchos para a liga de fútbol sala. Importe 43,20 euros

Factura num. 20483 de Restaurante Villa Verde por comida cos técnicos de Aquagest. Importe 238,34 euros

Gastos varios para actividades de voluntariado. Importe 16,20 euros

Gastos diversos para actividades da terceira idade. Importe 2,40 euros

Factura de Genaro Barreiro por vaciado de arquetas no lugar de Laraño- San Xián de Sales. Importe 180,00 euros

Recibos de recarga de teléfonos móbiles das auxiliares de axuda no fogar. Importe 20,00 euros





Recibo de pilas para cámara dixital. Importe 9,96 euros

Gastos diversos para o pavillón municipal. Importe 12,44 euros

Recibo por copias de chaves. Importe 58,85 euros

Recibos por gastos diversos para a exposición de pintores. Importe 9,25 euros

Factura num. P 903.782 de Editorial Compostela, S. A por concerto publicidade, segundo convenio asinado. Importe 517,65 euros

Factura num. SSFV-426 de Sanlusa Santiago, S.L por memoria USB IT WORKS 4GB. Importe 7,99 euros

Factura num. 74 da Agrupación de Veteranos por arbitrxes da liga local de fútbol sala, tempada 2008-2009 no mes de maio. Importe 558,00 euros

Factura num. VD 05/2009 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de maio. Importe 5.113,34 euros

Factura de Manuel González Cebeiro por augardente. Importe 62,70 euros

Gastos da viaxe do 1º Tenente de Alcalde, don Eloy J. Iglesias López, a Palma de Mallorca para visitar ós participantes na viaxe do Inserso. Importe 444,38 euros

Factura de Hipercor, S.A por sillas para a casa da terceira idade. Importe 84,90 euros

Factura num. 10/09 de Rubén Villasenín Iglesias por servizo de formación no marco Vedra Elemental. Importe 928,00 euros

Gastos do programa de voluntariado impartido nas escolas unitarias os días 28 e 29 de maio. Importe 150,00 euros

Factura de Pescadería Chedas por sardiñas para a sardiñada da terceira idade. Importe 135,00 euros

Recibos varios por materiais diversos para a ludoteca municipal. Importe 221,82 euros

Taxas de publicación no DOG de anuncio da aprobación definitiva do plan especial de infraestruturas e dotacións. Importe 216,80 euros

Taxas da Comunidade Autónoma de Galicia de convalidación sanitaria de funcionamento da piscina municipal. Importe 16,50 euros



Taxas da Deputación de A Coruña para solicitar a autorización provincial da obra Abastecemento en Merín. Importe 24,00 euros

Factura de UDESA por alumeadado público de Caldelas no mes de maio. Importe 120,72 euros

Gastos da actuación musical na sardiñada da terceira idade. Importe 300,00 euros

Facturas nums. 0030972254 e 0030984902 de Repsol Butano, S.A por cota de servizo e gas para o albergue de peregrinos. Importe 916,40 euros

Factura num. 01848708 de Adif por alugamento dos locais da estación de ferrocarril de Santa Cruz en xuño. Importe 377,61 euros

Factura num. 09/6 de José María Freiría Suárez o mes de abril. Importe 3.318,60 euros

Factura num. 09/7 de José María Freiría Suárez o mes de maio. Importe 3.318,60 euros

Factura num. 8548130 de Ricoh por mantemento fotocopiadoras da casa do concello e bibliotecas municipais en maio. Importe 279,00 euros

Factura num. 2009161 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeadado público en maio. Importe 2.262,06 euros

Factura num. IR-2009-002264453 de Vodafone España, S.A.U do mes de maio. Importe 703,45 euros


Factura num. CIO344597625 de Vodafone España, S.A.U do mes de maio. Importe 749,53 euros

Facturas do mes de xuño de Telefónica de España, SA polos diversos servizos de telefonía fixa. Importe 1330,31 euros

Factura num. 2009/34 de Consultores e Informadores Locales, S.L por reforma do proxecto de reforma de las instalaciones de alumbrado del campo de futbol de Santa Cruz de Ribadulla. Importe 2.386,07 euros

Factura num. 2009/35 de Consultores e Informadores Locales S.L por honorarios de redacción do proxecto de saneamiento y abastecimiento en Vilanova - Rivadulla. Importe 6.716,53 euros

Factura num. 2009/0036, 2009/00037 e 2009/00038 de Consultores e Informadores Locales, S.L por honorario de redacción dos proxectos Afirmado e acond. Pistas en francés, Castro e Sete; Afirmado e acond. Pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra e Senda peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón, incluídas no POS 2009. Importe 7.306,24 euros



Factura num. 1612 de María Jesús Cebeiro Fernández (Restaurante Aldea Grande) por comidas con motivo do campionato de fútbol sala. Importe 1.820,00 euros

Factura num. 039 de Casa Barreiro por pinchos servidos o día 14 de xuño con motivo da inauguración da pista de Paradela-San Xian. Importe 350,00 euros

Factura num. 0002- 00000047 de Lares de Silvia Julia Brun por video da visita á Sociedade Parroquial de Vedra en Bos Aires con motivo da sinatura de convenio de colaboración difundido en Lembrando a Galicia a través do canal Internacional de Televisión de Galicia. Importe 1.900,00 euros

Factura num. A-167 de José Carlos Barreiro García por desratización das zonas exteriores e interior do CPI de Vedra. Importe 348,00 euros

Factura num. 118 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús para a romaría da terceira idade. Importe 160,50 euros

Factura num. 111 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos alumnos do curso de educación de adultos en maio. Importe 535,00 euros

Factura num. 115 de Viajes Peillet, S.L por viaxe ó zoo de Vigo. Importe 374,50 euros

Factura num. 113 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos participantes na ludoteca municipal en maio. Importe 321,00 euros

Factura num. 112 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos nenos do CEIP de Ortigueira a Vedra. Importe 80,25 euros

Factura num. 114 de Viajes Peillet, S.L por excursións dos alumnos do CPI de Vedra en maio. Importe 1.198,40 euros

Factura num. 117 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús por excursión do banco de tempo de Vedra a Noya. Importe 321,00 euros

Factura num. 121 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Cedeira coa coral da terceira idade. Importe 428,00 euros

Factura num. 110 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Santiago coa terceira idade de Vedra. Importe 267,50 euros

Factura num. 75 da Agrupación de Veteranos por arbitraxes do torneo intermunicipal no mes de maio. Importe 610,00 euros

Factura num. 324 de Socyser pola contratación de dúas auxiliares de axuda no fogar. Importe 2.693,01 euros

Factura num. D/95 de Castromil, S.A por bonobús do mes de abril. Importe 148,80 euros



Factura num. N9-1581 de Hércules de Ediciones por tomo de Galicia Heráldica. Importe 184,00 euros

Facturas nums 290.538, 290.539, 290.540, 290.541 e 290.542 de Artes Gráficas Litonor por carteis, bonos, lonas e outros 1.796,91 euros

Factura num. 04/09 de Fundación Refuxio de Animais por cota correspondente ó 1º cuatrimetre e recollida de cans (19). Importe 3.359,60 euros

Factura num. 09/02361 de Inteman, S.A por sacos para secantes para Protección civil. Importe 191,91 euros

Factura num. 012 de Miguel Camino por traballos nos meses de abril e maio. Importe 2.185,44 euros

Factura num. 14/09 de Trabajos y Mediciones Catastrales, S.L por mantemento do catastro de urbana (altas durante o ano 2008). Importe 5.515,89 euros

Factura num. CV01 de Alquimao, S.L por materiais para a obra dos vestiaros do campo da festa de San Mamede. Importe 92,80 euros

Factura num. 487/2009 de L.Secope, S.A por recollida de plástico e cartón en maio. Importe 86,88 euros

Facturas nums. 0100006498; 010000649; 010000650 e 010000651 de Puente Ulla, S.L por carburantes para os vehículos municipais en maio. Importe 1.115,55 euros

Factura num. 9/000201 de Mapoca, S.L por materiais para a área recreativa de Agro Novo. Importe 96,92 euros

Factura num. 9/000200 de Mapoca, S.L por materiais para almacén de protección civil e outros. Importe 74,41 euros

Factura num. 2009/1719 da Sociedade Galega de Medio Ambiente por tratamento dos residuos sólidos de Vedra en maio. Importe 6.783,23 euros

Factura num. 10905-40 de Galicia Proxectos de Comunicacións, S.L por reportaxe da festa da augardente. Importe 116,00 euros

Factura num. 19 1306 de Ulla Oil, S.L por gasóleo para o almacén de Trobe. Importe 1.222,50 euros

Factura num. 905/14 de FPV por vestiario para a brigada verde. Importe 148,80 euros

Factura num. 20090074 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 694,64 euros



Factura num. 222/09 de Empresa Seoane, S. L por bonobús do mes de maio. Importe 149,33 euros

Factura num. 223/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da terceira idade do mes de maio. Importe 152,64 euros

Factura num. A33 de Autocares Mougán, S.L pro servizo de autobús cos participantes na romaría da terceira idade. Importe 214,00 euros

Factura num. 09-505 de Sapa Contenedores y Servicios, S.L por alugamento de colectores e transporte de materiais do punto limpo durante o mes de maio. Importe 899,40 euros

Factura num. E/62 de Csatromil, S.A por bonobús do mes de maio. Importe 63,60 euros

Facturas nums. 116/09 e 141/09 de Talleres y repuestos Barco, S.L por repostos para maquinaria municipal nos meses de abril e maio. Importe 246,86 euros

Facturas nums. 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, e 29 de Librería Avenida - Rosa María Pérez Sande por materiais diversos para actividades organizadas polo concello, biblioteca e material de oficina diverso para departamentos municipais. Importe 520,51 euros

Factura num. 21 de Librería Avenida por materiais para as actividades da terceira idade. Importe 114,60 euros

Factura num. 20 de Librería Avenida por materiais para o programa de educación familiar. Importe 329,21 euros

Factura num. 09/05120 de A&B Laboratorios de Biotecnología, S.A por material para pavillón municipal. Importe 411,54 euros

Facturas nums. 0281/E09, 0259/E09, 0255/E09, 0279/E09, e 0278/E09 de Talleres San Fins, S.L por arranxo de maquinaria municipal no mes de maio. Importe 2.583,67 euros

Factura num. 09/05346 de A&B Laboratorios de Biotecnología, SAU por desengrasante-desoxidante. Importe 369,92 euros

Factura num. 18/2009 do Instituto Galego de Xestión para o 3º Sector (Igxés-3) por colaboración co Concello nos programas experimentais de emprego 2009. Importe 5.000,00 euros

Factura A/7 de Mª Isabel Casal Devesa (café-bar *A Vosa Casa*) por pinchos servidos con motivo da IV Exposición de Pintura. Importe 492,20 euros

Factura num. A09/391 de Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, SL (G.S.T.) por reparacións do repetidor de Ponte Ulla nos meses de xaneiro e maio. Importe 163,98 euros



Factura 290.622 de Artes Gráficas Litonor por impresión do boletín municipal do mes de xuño. Importe 807,04 euros

Factura 290.635 de Artes Gráficas Litonor por lonas para *Verea Rock 2009*. Importe 445,51 euros

Factura num. 5/09 de Juan Guerra Neira por xantar da Terceira Idade 2009. Importe 12.190,38 euros

Factura 2009/024 de ARC Ingeniería, SL por redacción do proxecto técnico da obra do FEIL do MAP denominada Saneamento Socastro-San Mamede , con cargo ó Plan Complementario ó Fondo Estatal de Investimento Local 2009 da Deputación. Importe 2.349,74 euros

Factura 2009/025 de ARC Ingeniería, SL por redacción do proxecto técnico da obra do FEIL do MAP denominada Saneamento en Reboredo-Ponte Ulla, con cargo ó Plan Complementario ó Fondo Estatal de Investimento Local 2009 da Deputación. Importe 380,90 euros

Factura 2009/026 de ARC Ingeniería, SL por redacción do proxecto técnico da obra do FEIL do MAP denominada Abastecemento en Merín con cargo ó Plan Complementario ó Fondo Estatal de Investimento Local 2009 da Deputación. Importe 983,80 euros

Factura 2009/027 de ARC Ingeniería, SL pola dirección da obra do FEIL do MAP denominada Abastecemento en Merín con cargo ó Plan Complementario ó Fondo Estatal de Investimento Local 2009 da Deputación. Importe 598,65 euros

Factura 2009/029 de ARC Ingeniería, SL pola dirección da obra do FEIL do MAP denominada Saneamento Reboredo -Ponte Ulla con cargo ó Plan Complementario ó Fondo Estatal de Investimento Local 2009 da Deputación. Importe 380,90 euros

Factura P09/7885 de La Voz de Galicia, SA por publicación de anuncio sobre aprobación inicial do estudo de detalle do PXOM en Gelegos-Santa Cruz. Importe 278,40 euros

Factura num. 22013237 de Initial Textiles e Higiene, SL por retirada de unidades hixiénicas na casa do Concello e na gardería municipal en xuño. Importe 124,23 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

## **6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xuño do ano que andamos, pola que de cara á celebración nas parroquias e nos domicilios particulares das fogueiras de San Xoán e das sardiñadas consideradas celebracións festivas de arraigada tradición cultural, autorízase a realización das mesmas a aquelas persoas que formalicen a súa petición presentando a solicitud no rexistro municipal,



onde se lle fará entrega das medidas de prevención que deberán adoptar para evitar o risco de incendios.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta de Resolucions da Alcaldía de data doce de xuño do ano que andamos, pola que se ordena a prórroga do contrato de traballo dos seguintes traballadores Eva Álvarez Fernández, Jaime Lortes Campos e Esther Maseda Travieso, con motivo do periodo estival para tarefas de apoio á brigada de obras e atención e substitución en diversos locais municipais dende o 16/06/2009 ata fin do servizo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dás conta da Resolución da Alcaldía de data doce de xuño do ano que andamos, pola que se acorda prorrogar o contrato de don Jorge Cerdeira Louro dende o 16/06/2009 ata o fin do servizo, como operario de servizos varios para a substitución do persoal de vacacións segundo sexa preciso e para continuar cos traballos sobre da emigración en Arxentina

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaioito de xuño do ano que andamos, pola que tendo coñecemento da concesión de seis prazas de peón especialista de protección civil a través dos programas de cooperación acórdase suspender o proceso selectivo para a contratación laboral temporal de dúas prazas de peón especialista de protección civil a fin de non incurrir nun maior gasto de persoal.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xuño do ano que andamos, pola que de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación, mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración, da subministración dun vehículo tipo tractor con apeiros designase como membros da Comisión Asesora Técnica ós seguintes Sres: Experto: D. Antonio Mosteiro Torres; Condutores: D. Juan Jesús de la Fuente Torres e don Juan Duarte Porto; Concelleiro: D. Eloy J. Iglesias López; Secretario: o da corporación

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## 7º.- Outros asuntos

### 7.1.--Solicitudes de axuda de emerxencia social

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda conceder as seguintes axudas con cargo ó programa de emerxencia social:

M<sup>a</sup>. Eugenia Álvarez Santos (necesidades básicas e menciñas): 450,00 euros  
Livia Poliana Mendonca da Silva (equipamento mobiliario): 600,00 euros

Conclúe ó fio das vinte horas e quince minutos

